

Catálogo de actividades



de Verán

atelier
social

Catalogo de Actividades de VerUbc

Atelier SOCIAL SL

B-32437360

Centro de Iniciativas Empresariais - Local 5

Rúa Padre Feijoo 1-A - 32005 Ourense

988 243887 - info@ateliersocial.org

www.ateliersocial.org



Contidos

- ATELIER SOCIAL
- ESCOLA DE VERÁN
- CAMPUS XUVENIL
- ACTIVIDADES PUNTUÁIS
- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
- PROGRAMAS A CARTA

ATELIER SOCIAL

Somos unha empresa adicada entre outras á realización de actividades educativas, lúdicas, deportivas e culturais.

A **ampla formación e experiencia contrastada do persoal** contratado por Atelier SOCIAL, avala a calidade dos servizos ofertados.

Trátase de programas deseñados **pensando no público ao que van dirixidos**, conseguindo así maior motivación, participación, aprendizaxe e disfrute por parte das persoas participantes.

Empregamos **materiais novidosos**, e realizamos **actividades moi variadas** (psicomotricidade, teatro, manualidades, xogos de estratexia, xogos de equipo e individuais etc.).

A combinación destes elementos xunto con un sistema de avaliación continua, conseguen que as actividades desenvolvidas desde Atelier SOCIAL teñan unha alta valoración en todos os seus aspectos por iso vez son mais demandadas por Centros Escolares e Concellos.



OBJECTIVOS

- **Crear** un marco de referencia, un lugar seguro onde os/as pais e nais poidan deixar aos seus fillos/as en boas mans, sabendo que están apoiados por un programa altamente educativo e un persoal responsable e experimentado.
- **Desenvolver** un programa de xogos, dinámicas e actividades completo, ambientado nun tema de referencia acorde á súa idade e no que os/as nenos/as poidan gozar mentres aprenden.
- **Consolidar** conceptos, procedementos e actitudes que se traballaron nas aulas ao longo do curso escolar: rutinas de comportamento, hábitos saudables, respecto das normas etc.
- **Realizar** actividades que fomenten e favorezan a integración de diferentes culturas, sexos e/ou relixións.
- **Fomentar** a automotivación persoal, desenvolvendo as capacidades artísticas e creativas de cada participante.
- **Disfrutar** do verán, coñecendo e relacionándose con outros/as compañeiros/as da súa idade e gozando das actividades, participando nas mesmas e sentíndose os protagonistas delas

METODOLOXÍA

Os profesionais encargados de desenvolver os programas pedagóxicos de Atelier SOCIAL, para acadar un sistema de traballo divertido e eficaz, desenvolven unha metodoloxía:

- **ACTIVA:** É un programa moi dinámico e con moita variedade de talleres e xogos dirixidos, onde non a diversión non para.
- **MULTIDISCIPLINAR:** Combínanse diversas aprendizaxes.
- **INTEGRADORA:** Integra a alumnos/as de diferentes culturas, idades e sexos, permitindo a participación de calquera neno/a.
- **EDUCATIVA:** Reforza os contido educativos do curricular escolar do centro docente.
- **PERSONALIZADA:** Adáptase o programa ás idades e capacidades dos participantes, atendendo ás necesidades especiais de cada individuo.
- **PARTICIPATIVA:** Xa que a opinión dos/as participantes e dos/as pais/nais é importante para nós e sobre todo, para o programa en si

ESCOLA DE VERÁN

Atelier SOCIAL, propón unha escola de verán que vai mais alá de ocupar o tempo libre dos nenos e nenas, para aproveitar a oportunidade de complementar a formación que reciben durante o resto do ano, dun xeito lúdico, promovendo a tolerancia, a igualdade entre homes e mulleres, a interculturalidade e outros moitos temas, que favorecerán o seu desenvolvemento persoal.

CAMPUS XUVENIL

Atelier SOCIAL, propón un Campus xuvenil, pensando nos/as participantes de mais idade, no que poderán gozar dun programa feito á súa medida no que realizarán torneos deportivos, arte ao bestia, experimentos tolos e divertidos, ademais de diferentes xogos de estratexia da man dos educadores e de expertos que lles ensinarán diversas disciplinas como: Globofléxia, malabares, maxia, orientación, deportes, cine...

ACTIVIDADES PUNTUÁIS

Excursións

Festas temáticas



SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Acollida / madrugadores.
- Comedor.
- Transporte.



PROGRAMAS A CARTA

Adaptámonos ás súas necesidades.

Para elaborar o seu propio programa de actividades dun xeito sinxelo, poñemos á súa disposición cada unha das actividades, para que os poida elixir e combinar, axustando a duración en función das súas necesidades.

Programas personalizados:

Se prefire que desenvolvamos outra actividade distinta, encargámonos de poñer á súa disposición un técnico/a, co que determinará os contidos, duración, metodoloxía e os medios necesarios mais axustados as características da súa entidade



Atelier SOCIAL SL

B-32437360

Centro de Iniciativas Empresariais - Local 5

Rúa Padre Feijoo 1-A - 32005 Ourense

988 243887 - info@ateliersocial.org